


| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| UDP16I001W | UDP/2022/15 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1R66 4Q4V 6E4S 2P6I 0X89 | |

CFP

RESOLUCIÓN

Visto o informe de data 27 de maio de 2022, UDP16I001V emitido por Carlos Fernández Puyol, xefe de servizo de Deportes e Participación Cidadá, que literalmente di:

“Carlos Fernández Puyol, xefe de servizo de Deportes e Participación cidadá.

Que ante o inicio do curso escolar e tempada deportiva 2022-2023, proponse a convocatoria para a presentación de solicitudes do uso das instalacións deportivas municipais (IDM) por parte dos centros docentes, entidades deportivas, ampas, entidades de benestar social e outras entidades que teñan seccións deportivas e que figuren no Rexistro municipal de asociacións.

O periodo de afectación será de setembro de 2022 a agosto de 2023 para os polideportivos municipais do Burgo, Ría do Burgo, Vilaboa, Almeiras e Tarrío así como para os campos municipais de fútbol do Burgo, Rutis, Tarrío e Almeiras.

C.I.F. P-1503100-H

O prazo de presentación de solicitudes é do 3 de xuño ao 30 de xuño de 2022 e deberán presentarse ditas solicitudes a Alcaldía-Presidencia no rexistro xeral do Concello no modelo debidamente cumprimentado (Casa Concello Tarrío), no rexistro auxiliar sito no Edificio de Servizos Múltiples (O Burgo), sendo necesaria a solicitude de cita previa e na sede electrónica ou poderán presentarse en calquera outra forma prevista na Ley 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. “

RESOLVO:

Primeiro.- Abrir o prazo para a presentación de solicitudes para o uso de instalacións deportivas municipais, sendo este de 3 de xuño ata o 30 de xuño de 2022, ambos incluídos.

Segundo.- Publicar dito prazo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Culleredo

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| UDP16I001W | UDP/2022/15 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 1R66 4Q4V 6E4S 2P6I 0X89 | |

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 27 de maio de 2022

C.I.F. P-1503100-H

A proposta de
O/A xefe de servizo de

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,

A concelleira delegada de Política social,
Mocidade e promoción de deporte

*P.D. (Resolución do 18.06.2019,
BOP núm. 125 de 04.07.2019)*

Dou fe,
O secretario xeral accidental